

MANIFESTO ANDAINA 12 de outubro 2025

A ANPA Valle Inclán leva denunciando a **grave falta de mestres** no noso colexio dende o inicio de curso.

Esta **escaseza de profesorado afecta a moitos aspectos no funcionamento do centro e á calidade da formación que reciben os nosos fillos e fillas na escola.**

As **gardas non están cubertas** cun número suficiente de docentes.

O tempo adicado ó reforzo nas aulas do alumnado con necesidades especiais de atención educativa (NEAE) redúcese notablemente para cada alumno.

A día de hoxe **están paralizados varios proxectos didácticos emblemáticos que sempre se realizaron no noso colexio grazas á implicación do profesorado e á enorme colaboración do Concello de Oleiros:** a horta escolar, robótica e informática, a sección bilingüe ou as actividades extraescolares complementarias e as saídas didácticas e excursións.

Rebaixase o tempo destinado á coordinación dos equipos de dinamización da Biblioteca e da lingua galega, de mellora da contorna ou das TIC.

A **ANPA Valle Inclán remitiu o 19 de setembro un escrito** tanto á Inspección Educativa e coma á Dirección Territorial da Consellería de Educación **para solicitar con urxencia o aumento da dotación de persoal docente; para esixir o cese inmediato da vulneración do dereito fundamental** dos nosos fillos e fillas a unha educación pública inclusiva e de calidade.

Non obtivemos resposta algunha dende a Consellería.

Conseguimos que a **Inspección Educativa nos recibise... pero non aportou ningunha solución para resolver estas carencias. Absoluta indiferenza.**

Recoñeceu que a **falta de docentes nos centros educativos públicos é un problema xeneralizado, alegando que se trata dunha decisión política.**

Remitiunos ó Director Territorial, que non acepta reunirse con nós.

Estamos a comprobar que para a Consellería os nosos fillos e fillas son unicamente números.

E para que os números e as contas da Consellería encaixen, as familias usuarias das escolas públicas debemos ver comprometida a seguridade e o cuidado dos nosos fillos e fillas, debemos renunciar a proxectos didácticos que son un valor engadido e ademais debemos conformarnos no que se refire á inclusión e á atención á diversidade.

Sen embargo, **para as familias desta ANPA, para todos nós, os máis de 450 alumnos e alumnas deste cole son nenos e nenas que teñen nomes: Martina, Lucía, Diego, Brais, Xavi, Daniela, Valentina...E cada un deles é único e especial.**

O paso pola escola dos nosos fillos e fillas marcará a súa infancia e as súas vidas.
Merecen ser atendidos con esmero, sen recortes!!

As familias imos loitar por unha escola pública inclusiva e un ensino público de calidade!!

Neste centro faltan mestres!!

Dereito a unha educación pública de calidade!!